



BASES DESFILE ENTROIDO 2024

Primeira. Obxecto e finalidade

Convocar, en réxime de concorrência competitiva, as axudas para o 'Desfile de comparsas e folións 2024', co obxectivo de incentivar a participación.

Segunda. Aplicación orzamentaria

As axudas económicas e premios especiais contemplados nestas bases faranse efectivos con cargo á partida orzamentaria 338.480 do Orzamento do Concello da Rúa para o exercicio económico 2022, prorrogado para o exercicio 2023.

Terceira. Participantes

Poderán participar no desfile todas as persoas que os desexen independentemente da súa nacionalidade e lugar de residencia.

Faráselle entrega dunha axuda económica ás comparsas e folións en función do número de compoñentes:

1. **COMPARSA: De 10 a 20 compoñentes: 85 euros**
2. **COMPARSA: De 21 a 30 compoñentes: 175 euros**
3. **COMPARSA: De 31 a 40 compoñentes: 275 euros**
4. **COMPARSA: De 41 a 50 compoñentes: 375 euros**
5. **COMPARSA: Máis de 50 compoñentes: 425 euros**
6. **FOLIÓN: De 21 a 30 compoñentes: 125 euros**
7. **FOLIÓN: Máis de 30 compoñentes: 250 euros**

A) Premios especiais

- A comparsa que conte cunha mellor ambientación musical terá unha bonificación de 50 euros.
- A comparsa que leve un traxe con especial dificultade de elaboración terá unha bonificación de 75 euros.
- A carroza que, tamén pola súa elaboración, aporte ao desfile unha especial vistosidade, terá unha bonificación de 100 euros.





B) Requisitos

Para poder optar a dita axuda, as comparsas e folións deberán estar compostos por un mínimo de 10 persoas.

Non poderán ter a condición de beneficiarios aqueles que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o apartado 2 do artigo 13 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.

Cuarta. Solicitudes e celebración do Desfile

A) Solicitudes

A solicitude deberá formalizarse mediante instancia dirixida ó Ilma. Sra. Alcaldesa-Presidenta do Concello da Rúa.

O prazo de inscrición rematará o luns, 11 de febreiro, ás 14:00 horas, podendo presentarse a instancia ben no rexistro xeral do Concello ou a través de calquera dos medios establecidos no artigo 16, apartado 4º, da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Nos serán admitidas as inscricións feitas por e-mail.

B) Data e horario de celebración do desfile

O desfile celebrarase o 13 de febreiro de 2024 e a hora de inicio está prevista ás 16:30 horas.

No caso de inclemencias meteorolóxicas, o Concello da Rúa poderá pospoñer a data de celebración prevista, sempre dentro dese mesmo mes e dando aviso coa debida antelación.

Quinta.

A interpretación das bases corresponde exclusivamente ao Concello da Rúa.

O feito de participar no Desfile e presentar os traballos supón conformidade dos concursantes coa totalidade das presentes Bases.

Os premios concederanse baixo o criterio do xurado designado polo Concello.

Sexta. Réxime xurídico

No que non estea previsto nas presentes bases será de aplicación o recollido na Lei Xeral de Subvencións e no seu Regulamento de





CONCELLO DA RÚA
Praza José Antonio Míguez Freire, 1
32350 A Rúa
Tel. 988310116
<http://www.arua.gal>

desenvolvemento.

En A Rúa, na data da firma dixital

A Alcaldesa

Asdo. Da. María González Albert

